

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E ROBERTO BLACH NÚÑEZ PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO CONCELLO DE ARTEIXO EN EVENTOS DE ÁMBITO INTERNACIONAL.

Dunha parte D. Carlos Calvelo Martínez, maior de idade con Documento Nacional de Identidade 32.824.251-P, Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, que actúa de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na representación deste que legalmente lle corresponde, e o Secretario Xeral D. José María Vázquez Pita que dá fe do acto.

Doutra parte D. Roberto Blach Núñez con DNI 49.204.632 - L e maior de idade.

EXPOÑEN

O Concello, para a xestión dos seus intereses e dentro do ámbito das súas competencias, poderá promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade local, nos termos establecidos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora dos Principios Básicos do Réxime Local (LBRL). En todo caso, exercerá, como competencias propias, de acordo coa lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de promoción deportiva.

O obxecto deste convenio ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia.

A Lei Xeral de Subvencións, no seu Art. 2.1, entende unha subvención como calquera disposición monetaria realizada polas entidades que conforman a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa por parte dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, que o beneficiario deba cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan e que a conduta ou situación financiada teña por finalidade a promoción dunha actividade de utilidade pública ou a promoción dun fin público.

Dentro do Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Arteixo vixente, publicado no BOP de 6 de marzo de 2023, considéranse as subvencións como unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e, ademais, un procedemento de colaboración entre a administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese

público, como é o caso que nos ocupa, contribuíndo á consecución do obxectivo estratéxico OES 4, apoiando á comunidade educativa na súa labor, favorecendo o acceso á educación en igualdade e incentivando a práctica deportiva e a actividade física en todos os ámbitos sociais, así como os obxectivos específicos asociados ao obxectivo estratéxico referido.

A actividade municipal para o desenvolvemento das súas políticas públicas pode realizarse tanto directamente como indirectamente, favorecendo a realización por persoas ou colectivos de actividades de interese xeral. A actividade de fomento é aquela actividade administrativa dirixida a satisfacer indirectamente determinadas necesidades de natureza pública, promovendo a acción das persoas particulares mediante a concesión de determinados incentivos que a fagan posible. As subvencións son as ferramentas que permiten orientar a actividade dos particulares, así como como a consecución de obxectivos por quen estea en mellor posición para alcanzalos ou por quen poida axilizar a súa execución.

A través da subvención nominativa ao deportista profesional referido preténdese a consecución dos obxectivos específicos contidos na liña 4.2. do Plan Estratéxico de Subvencións (en adiante PES) 2023-2025.

D. Roberto Blach Núñez é un deportista arteixán recoñecido de ámbito internacional da modalidade deportiva automobilismo, estando afiliado ás correspondentes Federacións Deportivas (Federación Galega e Española de Automobilismo). Dado que o deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas, asóciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento; e, a través do convenio preténdese a promoción e difusión do Concello de Arteixo en eventos deportivos de ámbito internacional para a aumentar a visibilidade mediática do Concello, posicionamento territorial e retorno económico indirecto.

O deporte, a través de calquera das súas manifestacións, constitúe un sector con gran importancia dentro do Concello. D. Roberto Blach Núñez ven realizando a promoción do deporte e a transmisión de valores propios do deporte de alto rendemento coa súa participación no Campionato de Europa de Rallys. A través do convenio preténdese apoiar a participación do deportista en competicións internacionais con compromiso de difusión e promoción do Concello de Arteixo, xerando:

- Promoción internacional do municipio e unha exposición mediática internacional continuada.
- Publicidade territorial e turística, xa que o nome do concello aparece en tramos dos tramos de competición, parques de asistencia, paddock e zonas de espectadores; promoción na prensa deportiva e de deportes de motor e asociación do destino con valores como a aventura, o deporte, a innovación e a tecnoloxía.

- Retorno en comunicación e marketing institucional
- Vinculación co deporte e talento local, xa que se proxecta apoio institucional ao talento deportivo, creando modelos deportivos a seguir para a mocidade local e reforzando a imaxe do Concello como administración comprometida co deporte.

A cambio, o Concello de Arteixo, financiará as actividades cunha subvención nominativa de 50.000,00 €.

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e polo tanto para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

MANIFESTAN

Que o Concello de Arteixo, no exercicio das súas competencias en materia de promoción do deporte e promoción institucional do municipio, considera de interese apoiar a participación de deportistas en competicións deportivas de ámbito internacional.

Que Roberto Blach Núñez participa durante a tempada 2026 no European Rally Championship, competición automobilística de ámbito internacional que se desenvolve en diferentes países europeos.

Que a participación do devandito piloto nesta competición supón unha oportunidade de difusión e promoción da imaxe do municipio mediante a incorporación do logotipo institucional do Concello no vehículo de competición e nos soportes de comunicación asociados á actividade deportiva.

Que no orzamento municipal do exercicio 2026 figura consignada unha subvención nominativa a favor de Roberto Blach Núñez ao abeiro do disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Que D. Roberto Blach Núñez é un deportista profesional arteixán recoñecido de ámbito internacional da modalidade deportiva automobilismo, estando afiliado ás correspondentes Federacións Deportivas (Federación Galega e Española de Automobilismo).

O deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas, asociándose directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento; e, a través do convenio preténdese a promoción internacional do municipio e unha exposición mediática internacional.

Que o deporte, a través de calquera das súas manifestacións, constitúe un sector con gran importancia dentro do Concello. D. Roberto Blach Núñez ven realizando

a promoción do deporte e a transmisión de valores propios do deporte de alto rendemento. A través do convenio preténdese levar a cabo o fomento do deporte federado e a promoción e difusión do Concello de Arteixo en eventos de ámbito internacional.

E tendo en conta a común finalidade dos seus ámbitos respectivos e co obxecto de coordinar as actuacións, propónse a celebración do convenio de colaboración para a promoción e difusión do Concello de Arteixo en eventos de ámbito internacional, con arranxo ás seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre o Concello de Arteixo e D. Roberto Blach Núñez (en adiante deportista) para a promoción e difusión do Concello de Arteixo en eventos de ámbito internacional no ano 2026.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello de Arteixo.

- a. O Concello aportará ao Club, como axuda á promoción do deporte federado a cantidade de 50.000,00 €, sendo ingresado con cargo ao orzamento do 2026, anticipando o 50 por 100 (5.000 €) no momento da sinatura do convenio e o 50 por 100 restante cando a entidade xustifique o 100% do importe do convenio.
- b. Verificar o cumprimento de todas as estipulacións establecidas neste acordo e no marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Obrigas do deportista

- a. O deportista obrigase á participación en eventos de ámbito nacional e internacional, promocionando ao Concello de Arteixo. Así o deportista obrígase á súa participación eventos de ámbito internacional nas seguintes probas como mínimo:
 - Rally Sierra Morena (España)
 - Rallye de Roma (Italia)
 - Rallye de Polonia (Polonia)
 - Barum Czech Rally Zlín (República Checa)
 - Rallye Serras de Fafe (Portugal)
- b. O deportista obrígase ademais a colaborar co Concello de Arteixo no desenvolvemento de eventos deportivos populares, torneos, campus e calquera outra actividade que contribúa a promoción do deporte, entre elas o Día do Deporte na Rúa e a Carreira Popular Concello de Arteixo. Tal colaboración traducirase na difusión da actividade en redes sociais e asistencia a ditos eventos, no caso da súa celebración.

- c. O deportista comprométese a colocar publicidade institucional do Concello de Arteixo e do Servizo Municipal de Deportes, en lugar preferente na uniformidade de competición e adestramentos de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus patrocinadores principais. Farase constar o logotipo do Concello de Arteixo segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do concello, e nas mesmas condicións de visibilidade que o resto de logotipos. En todo caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades, informarase do financiamento público do Concello a través dun cartel tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Asemade, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, deberase facer constar que reciben unha axuda municipal e colocarán o logotipo municipal na publicación, facendo mención de que se atopan subvencionados polo Concello de Arteixo.
- d. O deportista obrígase a colaborar co Concello en accións de promoción deportiva ou institucional cando sexa requirido e resulte compatible coa súa actividade deportiva.
- e. É obriga do deportista, someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando toda a información requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f. En aplicación do artigo 17.3 h) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o beneficiario deberá dispoñer de libros e rexistros contables específicos para garantir a adecuada xustificación da subvención.

CUARTA. Xustificación.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será o 15 de outubro de 2026. Admitiranse facturas e xustificantes vinculadas á tempada actual (1 de xaneiro de 2026 - 30 de setembro de 2026).

Se algunha actividade das que se recollen nas cláusulas terceira (a) non se organiza ou non se realiza o gasto mínimo cos importes desglosados na seguinte táboa, o importe da subvención reducirase nos mesmos importes.

Concepto	Importe
Participación eventos de ámbito internacional	
<i>Rally Sierra Morena (España)</i>	10.000 €
<i>Rallye de Roma (Italia)</i>	10.000 €
<i>Rallye de Polonia (Polonia)</i>	10.000 €
<i>Barum Czech Rally Zlín (República Checa)</i>	10.000 €
<i>Rallye Serras de Fafe (Portugal)</i>	10.000 €
IMPORTE MÁXIMO	50.000 €

A xustificación do convenio realizarase mediante a presentación da conta xustificativa coa documentación referida ao efecto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo, contendo como mínimo o seguinte:

- **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006, de 21 de xullo)
- **Memoria económica xustificativa** (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo) dos gastos e investimentos da actividade, acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar na factura o “recibi” co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación
- Detalle de **outros ingresos** de natureza privada (cotas ou aportacións de socios, cofinanciamento de socios ou persoas beneficiarias nas actividades recibidas...)
- Detalle de **outras achegas ou subvencións** de fondos públicos que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia
- Certificado, de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto e presentar certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia e co Concello de Arteixo.
- Declaración de non atoparse a entidade incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.
- Declaración conforme a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.
- Facturas orixinais relativas aos gastos. Os documentos admitidos como xustificantes (facturas, nóminas e outros documentos de valor probatorio) deberán aplicar, no seu caso, as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan. A substitución da factura por outro tipo de xustificante deberá respectar os supostos previstos no artigo 4 do RD1496/2003, Regulamento de Facturación.
- Gastos sufragables: Son aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria. Deberase acreditar fielmente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade subvencionada. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:
 - o *Licenzas federadas dos deportistas, co correspondente certificado federativo.*
 - o *Mutualidade, seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.*



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- o Arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.
- o Transporte, por medio de facturas, acompañadas de calendario oficial de competicións. Serán admitidos os custos para desprazamentos para competicións e adestramentos federados e calendarizados que se realicen en vehículos particulares de responsables técnicos ou directivos do club. Calculárase o importe de ditos desprazamentos baseándose na seguinte fórmula (kms percorridos dende Arteixo á localidade correspondente multiplicado polo prezo por km que virá determinado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, no seu apartado de "Asignacións para gastos de locomoción".
- o As peaxes correspondentes das viaxes, acompañadas cos calendarios oficiais.
- o Retribucións a persoal técnico, ou persoal necesario para o desenvolvemento das actividades (xuíces, nutricionistas, fisioterapeutas, especialistas, etc...) acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá o recibín cando reflita a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria. As nóminas deben vir acompañadas do pertinente recibo bancario ou transferencia que certifique o seu pago.
- o Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia.
- o Custos por inscrición de equipos ou deportistas para participar en competicións oficiais federadas.
- o Material deportivo funxible (non inventariable). As facturas presentadas deberán desagregar especificamente o material deportivo comprado. Non se admitirán facturas con conceptos xenéricos, nin facturas de roupa nun número reducido de unidades iguais (mínimo 6 de cada elemento) cando se trate de entidades deportivas, que a criterio da comisión avaliadora estime a súa improcedencia.
- o Gastos de mantemento (alugueiro, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina. (non poderá superar o importe total do 20% do importe a xustificar).
- o Gastos de manutención e hospedaxe correspondentes a calendarios de competición oficiais da correspondente federación deportiva, tomando como referencia o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, indicado no seu anexo II (grupo 2).
- o Gastos de asesorías laborais, xestores, ou plataformas de xestión para clubs ou entidades análogas.
- o Gastos de publicidade e imprenta das actividades deportivas.
- o Gastos de trofeos e medallas.
- o Gastos en federacións deportivas (licenzas, canons de participación, seguros, arbitraxes e outros). Este tipo de gastos poderán ser xustificados a través de certificados emitidos polas federacións deportivas que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas desagregadas, as retencións obrigatorias de ser o caso; e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do acto.
- o Gastos en organización de eventos ou actividades (canons por organización, proxectos técnicos, retribucións ao persoal necesario para o desenvolvemento do evento ou actividade, debidamente acreditados, alugueiro ou compra de material, e calquera outro que se corresponda coa natureza do evento subvencionado).
- o Gastos financeiros relativos aos pagos por transferencias bancarias relacionados co obxecto da subvención.
- o Equipamento de primeiros auxilios e da caixa de urxencias.
- o Premios económicos outorgados polo club en eventos organizados por este. (Só no programa eventos deportivos). En ditos premios debe de vir indicada a retención correspondente (premios menores ou igual a 300€ sen retención, resto 19% segundo se indica no artigo 101.7 da Lei do IRPF e no artigo 75.3.f do regulamento do IRPF)

- Gastos non sufragables

- o Aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada
- o Entradas ou accesos a museos, teatros, cines, edificios históricos, exposicións, parques acuáticos, temáticos ou de atraccións, locais de lecer, ou a calquer espectáculo,

Documento firmado electrónicamente, puede validar la firma con el código indicado al margen en la Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (El código de verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 27.3.d de la Ley 39/2015, de 1 de Octubre, do Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)

atracción ou actividade de calquer natureza que non sexa a propia da subvención. Tampouco se admitirán aqueles pagos a terceiros pola realización ou participación en actividades diversas, como as que se adoitan encadrar no contexto de campamentos o convivencias de clubs (rutas a cabalo, kayak, surf etc...), nin por aluguer ou contratación de actuacións, animacións, cursos ou infraestrutura para levar a cabo estas actividades.

- o *Os que se realicen fóra do prazo de execución establecido na presente convocatoria.*
- o *Os intereses deudores das contas bancarias*
- o *Intereses, recargos e sancións administrativas e / ou deportivas*
- o *Os gastos de procedementos xudiciais*

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida, aplicando un coeficiente de financiamento do 0,8. Dividirase o importe concedido entre 0,8.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen telo presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días para os efectos previstos neste capítulo. A non presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado comportará a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá o beneficiario das sancións que, de conformidade coa Lei xeral de subvencións, lle correspondan.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos, pode supoñer a modificación da resolución de concesión. Especialmente en canto a que a concorrencia de subvencións, axudas ou ingresos non superen o coste da actividade.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións.

SEXTA.- O presente Convenio terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 30 de setembro de 2026.

SÉTIMA.- Causas de resolución do convenio.

Este convenio poderá ser rescindido por mutuo acordo entre as partes, así como por notificación do incumprimento de calquera das cláusulas mediante notificación comunicada de forma fedativa no prazo dun mes desde a data en que se detectou.

OITAVA.- Infraccións e sancións

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións artigos 56 a 58, e serán sancionadas incluso a título de simple negligencia. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, que por acción u omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei.

As infraccións leves, graves e moi graves, serán as tipificadas nos artigos 56 a 58 da Lei 38/2003; e as sancións por infracción leve, grave e moi grave serán as establecidas nos artigos 61 a 63 da citada norma. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerase unha sanción do 10% do importe da subvención concedida, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo.

No caso do incumprimento da obriga da publicidade institucional reflectida no punto 18.d de estas bases reguladoras, aplicarase unha sanción do 30% do importe da subvención. Se a entidade non cumpre coa obriga de gardar a proporción do logotipo municipal indicada no mesmo artigo, aplicarase unha sanción do 5% do importe da subvención.

NOVENA.- Facultade municipal de interpretar o convenio

Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Convenio, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte do deportista de calquera das obrigas no mesmo contidas.

E en proba da conformidade ambas parte subscriben este convenio, a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Asdo. Dixitalmente

POLO CONCELLO DE ARTEIXO
Asdo.: Carlos Calvelo Martínez
Alcalde

O DEPORTISTA
Asdo.: Roberto Blach Núñez

ANTE MÍN,
Asdo.: José María Vázquez Pita
O Secretario